



CONVOCATORIA DE DÚAS BOLSAS PARA O OBSERVATORIO DO TEATRO GALEGO (FACULDADE DE FILOLOXÍA)

A Universidade da Coruña convoca dúas bolsas de colaboración no Observatorio do Teatro Galego (OTG), froito do Protocolo xeral de colaboración do 29/04/2021 entre a Universidade da Coruña, a instancias do grupo ILLA (Investigación Lingüística e Literaria Galega) e a Academia Galega de Teatro, ao abeiro dun Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Universidade da Coruña para actuacións en materia de normalización lingüística. A tramitación destas bolsas será levada a cabo polo Servizo de Normalización Lingüística.

1. Obxecto das bolsas

O obxecto desta convocatoria é adjudicar dúas bolsas (unha de perfil estatístico e outra de perfil filolóxico) que permitan realizar actividades de apoio relacionadas co Observatorio de Teatro Galego (OTG).

As tarefas para realizar son as seguintes:

Bolsa 1 (perfil estatístico): (i) tabular os datos e frecuencias derivados da enquisa de comportamentos lingüísticos dos creadores escénicos e doutros axentes; (ii) introducir eses datos na tabela correspondente; (iii) xerar as estatísticas que permitan a análise destes; (iv) outras tarefas asociadas ás actividades do OTG e o mantemento da súa páxina web.

Bolsa 2 (perfil filolóxico): (i) realizar a recollida sistemática de datos relativos aos comportamentos lingüísticos dos creadores escénicos e doutros axentes a través de entrevistas; (ii) introducir eses datos na tabela correspondente; (iii) outras tarefas asociadas ás actividades do OTG e o mantemento da súa páxina web.

O custo total das bolsas ascende a 6 045,48 euros, que se financiarán con cargo á partida orzamentaria 0100.44.0093.422D.640.00.16 - Convenio SXPL-UDC. Actuacións en materia de normalización lingüística. SNL. Bolsas estudantes (incluído o importe de 645,48 € correspondente ás obrigas en materia de Seguridade Social da Universidade como entidade financiadora do programa formativo, de acordo co previsto no artigo 5 do Real decreto 1493/2011, do 24 de outubro, polo que se regulan os termos e condicións de inclusión no Réxime Xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación).

2. Requisitos das persoas solicitantes

A Universidade da Coruña convoca 2 bolsas de colaboración destinadas a alumnado da UDC.

Para concorrer á primeira (de perfil estatístico) deberase estar a cursar o mestrado en Técnicas Estatísticas ou estar a cursar o último ano dun grao que inclúa no seu plano de estudos materias de Estatística en cuxa guía docente se recollan especificamente destrezas de tabulacións de datos e frecuencias, ou estar a realizar estudos de mestrado despois de obter o citado grao. Para concorrer á segunda (de perfil filolóxico) deberase estar a cursar o último ano do grao en Galego e Portugués ou realizar estudos de mestrado despois de obter a titulación do grao en Galego ou equivalente.

En ambos os casos, as persoas candidatas deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Estar matriculadas e ao corrente do pagamento, durante o ano académico en que se solicite a bolsa, no ensino conducente á obtención dos correspondentes títulos oficiais da Universidade da Coruña, no curso académico 2022/23 e continuar estudos no curso académico 2023/24, así como durante toda a duración da bolsa.

Código Seguro De Verificación	xeoG0SDHtOM3syxKbixzUg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Secretario xeral - Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	17/03/2023 10:04:00
Observacións		Páxina	1/7
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/xeoG0SDHtOM3syxKbixzUg==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





- Non estar en posesión nin reunir os requisitos legais para a expedición dun título universitario na data da finalización do prazo de presentación de solicitudes da convocatoria, agás se a dita titulación é o requisito académico para continuar os estudos na Universidade da Coruña.
- Reunir os requisitos académicos establecidos nesta convocatoria.
- Os/as bolseiros/as de colaboración deberán manter a condición de estudantes de titulacións de grao ou de mestrado durante todo o período de duración da bolsa.
- A perda da condición de estudante dalgunha das titulacións oficiais suporá o cesamento automático da bolsa e a perda dos dereitos que esta leva consigo.
- Non incorrer en ningunha incompatibilidade das especificadas no Regulamento de bolsas de colaboración para formación na universidade da Coruña do 31/05/2016.

3. Formalización das solicitudes

As solicitudes presentaranse acompañadas inescusablemente da seguinte documentación:

1. Formulario normalizado (ANEXO I)
2. Fotocopia do DNI
3. Currículo da persoa solicitante coa documentación que o acredite
4. Declaración xurada de non contar con ningunha axuda económica incompatible nin realizar ningunha actividade retribuída (ANEXO II). No caso de se realizar unha actividade retribuída, certificación da Axencia Tributaria acreditativa do seu nivel de rendas, para os efectos de comprobar que non se obteñen ganancias de importe superior ao trinta por cento do salario mínimo interprofesional.

4. Contía e período

O importe bruto de cada axuda será de 2700 euros, que se aboarán en pagamentos mensuais de 450 euros, a que se lles aplicarán as retencións correspondentes a conta do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, conforme ao previsto na norma reguladora dese imposto. Así mesmo, ao antedito importe descontaráselle a cotización da Seguridade Social correspondente á persoa adxudicataria, segundo o disposto no Real decreto 1493/2011, do 24 de outubro, polo que se regulan os termos e condicións de inclusión no Réxime Xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación. O pagamento efectuarase con referencia á situación do dereito da persoa bolseira ao día último do mes que corresponda.

A duración das bolsas será de seis meses, desde o 1/05/2023 ao 31/10/2023, cunha dedicación de 12 horas semanais. Os pagamentos faranse con cargo á partida orzamentaria 0100.44.0093.422D.640.00.16 (Conv. 2023, Xunta, C. Cultura. Actuacións mat. normaliz.lingüística. S. Norm. Ling. Bolsas estudantes).

A aceptación da bolsa farase mediante un documento asinado pola persoa interesada en que se compromete a cumprir todas as condicións recollidas nesta convocatoria.

5. Protección de datos

En cumprimento do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento xeral de protección de datos ou RXPDP), e do artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos

Código Seguro De Verificación	xeoG0SDHtOM3syxKbixzUg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Secretario xeral - Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	17/03/2023 10:04:00
Observacións		Páxina	2/7
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/xeoG0SDHtOM3syxKbixzUg=		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), informamos de que os datos que a persoa interesada facilite mediante a concorrència a esta convocatoria serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), cos datos de contacto rúa Mestranza 9, 15001, A Coruña, teléfono 981167000, correo electrónico secretariaxeral@udc.gal.

A solicitude dunha bolsa na Universidade da Coruña implica a aceptación do contido da convocatoria e a autorización para que os seus datos persoais sexan utilizados pola Universidade, de acordo coa LOPD, coa finalidade da correcta xestión das bolsas. Todas as persoas que entren en contacto con estes datos coa citada finalidade cumprirán o deber de confidencialidade establecido no artigo 5 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD).

Mediante a concorrència a esta convocatoria, a persoa interesada consinte expresamente na publicación dos seus datos na resolución da solicitude nos taboleiros físicos da UDC e dentro do Taboleiro Oficial da Sede Electrónica da UDC, na forma prevista na disposición adicional 7ª da Lei orgánica 3/2018, de protección de datos persoais. A resolución desta convocatoria permanecerá publicada neses taboleiros. Os datos persoais serán conservados mentres resulten necesarios para as finalidades do tratamento e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente, sen prexuízo do previsto en relación co exercicio do dereito de supresión e outros dereitos que están recollidos na Lei orgánica de protección de datos persoais.

A persoa interesada consinte no tratamento dos datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria, e terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos. Ten dereito a lle solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos. Estes dereitos poderaos exercer mediante unha solicitude remitida ao seguinte enderezo: Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, rúa Mestranza 9, 15001, da Coruña ou ao correo electrónico secretariaxeral@udc.gal, coa referencia «protección de datos», a través dun escrito asinado para o efecto xunto cunha fotocopia do seu DNI. Igualmente poderá dirixir esta solicitude directamente ao Delegado de Protección de Datos, ao mesmo enderezo postal anteriormente indicado, ou ao correo electrónico dpd@udc.gal. Así mesmo, vostede ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

6. Comisión de selección

A Comisión de Selección estará constituída polas seguintes persoas:

Presidenta: Mª Teresa López Fernández, suplente Manuel Ferreiro Fernández

Secretario: Carlos Cayetano Vizcaíno Fernández, suplente Cilla Lourenzo Modia

Vogal: Xoán López Viñas, suplente María Leticia Eirín García

7. Criterios de avaliación

Bolsa 1 (perfil estatístico)

- 1. Expediente académico: 6 puntos (60 % da puntuación total)
- 2. Coñecemento acreditado do galego: 2 puntos (20 % da puntuación total)
- 3. Outros méritos:
 - Formación e experiencia na tabulación de datos e frecuencias en Excel ou nunha aplicación

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: LJFBSH482RB0IRBN0RF8GJ3R Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 17/03/2023 13:13:22 Página 3 de un total de 7 página(s).

Código Seguro De Verificación	xeoG0SDHtOM3syxKbixzUg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Secretario xeral - Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	17/03/2023 10:04:00
Observacións		Páxina	3/7
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/xeoG0SDHtOM3syxKbixzUg==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





similar: 2 puntos (20 % da puntuación total)

Bolsa 2 (perfil filolóxico)

1. Expediente académico: 6 puntos (60 % da puntuación total)
2. Coñecemento acreditado do galego: 2 puntos (20 % da puntuación total)
3. Outros méritos: 2 puntos (20 % da puntuación total)
 - Formación e experiencia na recollida e xestión de datos: 1 punto (10 % da puntuación total)
 - Coñecementos informáticos e de tratamento web: 1 punto (10 % da puntuación total)

Só se valorarán os méritos que se acrediten documentalmente referidos á data de finalización de presentación das solicitudes.

Publicarase na Sede Electrónica da Universidade da Coruña unha listaxe provisoria de persoas admitidas e excluídas e abrirase un prazo 3 días hábiles para presentar reclamacións. Transcorrido este prazo, procederase á resolución da solicitude da bolsa e á súa publicación no mesmo lugar en que se publicou a convocatoria.

Contra esta resolución, a persoa interesada poderá interpoñer un recurso de reposición perante o/a reitor/a no prazo dun mes, que conta a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución na páxina web da UDC.

8. Obrigas das persoas bolseiras

1. Asinar a aceptación e as condicións da bolsa.
2. Incorporarse ao seu centro de destino na data indicada na convocatoria ou na concesión, salvo autorización expresa de quen convoque para o facer noutro momento. A falta de incorporación, ou a inasistencia ulterior inxustificada, interpretarase como renuncia á bolsa.
3. Realizar con aproveitamento todas as actividades que se lle encomenden, de acordo co obxecto da convocatoria pública da bolsa e seguindo as instrucións da persoa responsable da súa titorización.
4. Informar e responder da súa actividade. Ao remate da bolsa deberá entregar unha memoria avalada pola persoa responsable da súa titorización. O último pago da bolsa queda condicionado á entrega e aprobación da memoria.
5. Facer un uso adecuado das instalacións e dependencias universitarias.
6. Cumprir os deberes que poidan vir establecidos na convocatoria pública da bolsa e no regulamento para a concesión e aproveitamento da bolsa, tendo presente o réxime de compatibilidade cos seus estudos.
7. Non poderá ocupar postos nin do persoal de administración e servizos nin do persoal docente e investigador ou que supoñan realizar labores propios deste persoal.
8. Non gozará de exención dos prezos públicos universitarios, salvo que a convocatoria que orixine o nomeamento, ademais de proceder dun organismo público, inclúa expresamente esta previsión e reciba a conformidade previa do reitor.
9. Non poderá ocupar, nin sequera transitoriamente, cargo universitario ningún, agás que se trate de cargos para os que exista autorización expresa dos Estatutos da Universidade da Coruña, ben por se tratar de órganos abertos á provisión por calquera membro da comunidade universitaria, ou ben por ser cargos derivados da condición de representantes do estudantado.

Código Seguro De Verificación	xeoG0SDHtOM3syxKbixzUg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Secretario xeral - Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	17/03/2023 10:04:00
Observacións		Páxina	4/7
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/xeoG0SDHtOM3syxKbixzUg==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





- 10. Non realizará actividades que non estean relacionadas especificamente co obxecto da bolsa.
- 11. Manter a confidencialidade respecto aos asuntos que coñeza no desenvolvemento da bolsa de colaboración, e non dar publicidade, difundir, conservar, copiar, subtraer ou utilizar en xeral ningún documento ou información de calquera tipo que pertenza á Universidade da Coruña.

Todas as baixas que se produciren serán substituídas pola seguinte persoa da relación que elaborará a Comisión de Selección.

9. Prazo e lugar de presentación das solicitudes

As solicitudes, dirixidas ao Servizo de Normalización Lingüística da UDC, presentaranse no modelo que acompaña esta convocatoria, a través do Rexistro Electrónico, caso de dispoñer de certificado electrónico (https://sede.udc.gal/services/telematic_register), no Rexistro Xeral da UDC (Mestranza, 9, 15001 A Coruña) ou nos rexistros auxiliares do campus da Zapateira (Facultade de Ciencias) e do campus de Esteiro (Edificio de Apoio ao Estudo) antes das 23:59 do día 31 de marzo de 2023.

Tamén se poderán presentar polos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP) (BOE do 02/10/2015).

O secretario xeral

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: LJFBSH482RB0IRBN0RF8GJ3R Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidad de la Coruña. Fecha de creación: 17/03/2023 13:13:22. Página 5 de un total de 7 página(s).

Código Seguro De Verificación	xeoG0SDHtOM3syxKbixzUg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Secretario xeral - Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	17/03/2023 10:04:00
Observacións		Páxina	5/7
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/xeoG0SDHtOM3syxKbixzUg==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



ANEXO I

SOLICITUDE DA BOLSA PARA O OBSERVATORIO DE TEATRO GALEGO PERÍODO 1 de maio – 31 de outubro 2023

APELIDOS E NOME: _____

ENDEREZO DURANTE O CURSO: _____

POBOACIÓN: _____ CÓDIGO POSTAL: _____

TELÉFONO DE CONTACTO: _____

TITULACIÓN: _____

_____, _____ DE _____ DE 2023

(sinatura)

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA:

- COPIA DO EXPEDIENTE ACADÉMICO
- CURRÍCULO (documentación en que conste a experiencia e os coñecementos acreditados de informática e de lingua galega)
- DECLARACIÓN XURADA
- FOTOCOPIA DNI

Código Seguro De Verificación	xeoG0SDHtOM3syxKbixzUg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Secretario xeral - Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	17/03/2023 10:04:00
Observacións		Páxina	6/7
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/xeoG0SDHtOM3syxKbixzUg==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



ANEXO II

Don/dona

co DNI _____

Declaro baixo xuramento que non percibo ningunha axuda económica incompatible nin realizo ningunha actividade retribuída que supoña a obtención de ganancias superiores no seu importe ao trinta por cento do salario mínimo interprofesional.

_____, _____ de _____ de 2023

(sinatura)

Código Seguro De Verificación	xeoG0SDHtOM3syxKbixzUg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Secretario xeral - Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	17/03/2023 10:04:00
Observacións		Páxina	7/7
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/xeoG0SDHtOM3syxKbixzUg==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

